

BASES DO SORTEO DE CINCO VALES DE COMPRA POR IMPORTE DE 30€ CADA UN PERANTE A CELEBRACIÓN DA 10ª FEIRA DE OPORTUNIDADES DO COMERCIO (11-13/03/2022).

PRIMEIRA.- AMBITO DE APLICACIÓN

O sorteo levarase a cabo no Concello da Estrada.

SEGUNDA.- OBXECTIVO DO SORTEO

Promoción e divulgación da 10ª Feira de Oportunidades do Comercio, a través do sorteo de cinco vales de compra por importe de 30€/Cada un entre todos os visitantes do certame.

Emprégase este reclamo publicitario para incentivar e incrementar a visita ao recinto feiral, a fin de secundar este certame de promoción económica. A campaña desenvolveráse dende o 11 ao 13 de Marzo de 2022, ambos inclusive.

TERCEIRA.- SORTEO

O sorteo dos vales de compra, levaráse a cabo no pavillón nº. 5, o día 12 de Marzo de 2022. O importe de cada vale será de 30€.

O sorteo será público e realizaráse unha vez peche o evento (20 horas). As credenciais dos vales de compra serán entregadas única e exclusivamente aos/as afortunados/as.

A entrada ao recinto costará 2€, sendo válida para os tres días que dura o certame e dando dereito a participar neste sorteo. As entradas expediránse no acceso único da Feira (Pavillón 5), a todos/as visitantes con idade superior aos doce anos.

Non se contempla a posibilidade de que unha mesma persoa poida optar a mais dun premio pólo que, de repetirse o nome do/a agraciado/a, procederáse a anular a papeleta e a extraer unha nova.

CUARTA.- PUBLICACIÓN DO/A GAÑADOR/A E COMUNICACIÓN DO PREMIO

A Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, poñeráse en contacto co/a gañador/a vía telefónica, tendo éste/a un prazo de tres días para retirar a credencial de gañador/a do vale de compra.

QUINTA.- ENTREGA DOS VALES OBSEQUIO

A entrega efectuaráse nas oficiñas da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada. O/a gañador/a, deberá acreditarse a través da presentación de NIF/CIF.

No caso de que o/a gañador/a non recolla o vale antes de tres días naturais, perderá automaticamente o seu dereito ao premio.

O/a gañador/a autoriza á Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada a reproducir e empregar o seu nome, apelidos e imaxe, en calquera actividade pública e promocional, relacionada co sorteo no que resultou gañador/a, sen que esta utilización confíralle dereito de remuneración ou beneficio algún con excepción feita da entrega da credencial do vale en cuestión.

SEXTA.- PRAZO PARA FACER EFECTIVOS OS VALES.

O/a os/as gañadores/as dos cinco vales, terán un prazo de quince días para facer efectivo o premio. Este prazo será contado dende o día seguinte o remate dos eventos referenciados.

Os/as gañadores/as deberán facer efectivo o seu premio única e exclusivamente en algunha das tendas que participan na Feira de Oportunidades do Comercio.

SEPTIMA.- PARTICIPACIÓN

A participación neste sorteo, implica a aceptación sen reservas destas bases e as decisións da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada en canto á resolución de calquera cuestión derivada do presente sorteo.

OITAVA.- CESION DO PREMIO

O premio do presente sorteo, en ningún caso poderá ser obxecto de cesión, alteración ou compensación a petición do/a gañador/a.

NOVENA.- VERACIDADE DOS DATOS

Os datos facilitados polo participante deberán ser veraces. No caso de que estes fosen falsos, o premio en cuestión quedará deserto.

DÉCIMA.- RECLAMACIÓN

O período de reclamacións sobre o sorteo finalizará transcorridos cinco (5) días naturais contados a partires do 13 de Marzo.

UNDECIMA.- MODIFICACIÓN DE BASES E SUSPENSIÓN DO SORTEO

A Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, resérvase o dereito a suspender, aprazar ou cancelar o presente sorteo en calquera momento anterior ao comezo do mesmo, sempre que existan causas que así o xustifiquen, así como a modificar as presentes bases, comprometéndose a comunicar as novas bases, condicións, suspensión, aprazamento ou cancelación, no seu caso.

DUODECIMA.- RESPONSABILIDADES ALLEAS

En ningún caso a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada será responsable dos servizos prestados aos/ás gañadores/as.

A responsabilidade da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada queda limitada, en exclusiva, á publicación do resultado do sorteo segundo se atopa contemplada nestas bases e á entrega do premio á persoa agraciada co mesmo; fóra do anterior, a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada non responderá fronte a calesqueira tipo de reclamacións que se puidesen formular directa ou indirectamente relacionadas co sorteo, a condición de agraciado/a ou a retirada do premio no punto designado nestas bases para a súa entrega.

DECIMOTERCEIRA.- DEPÓSITO

As presentes bases aparecerán recollidas e dispoñibles ao público na páxina web da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada www.feiradomoble.gal

DECIMOCUARTA.- XURISDICION

Para o coñecemento de calquera litixio que puidese suscitarse en canto á interpretación ou aplicación das presentes bases, tanto a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada como os participantes no presente sorteo, sométense expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais da Estrada, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponderlles.